



*Entidade Local Menor  
de Bembridge*

**ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA E URGENTE DA XUNTA VECIÑAL NÚM.  
12/2022, DO DÍA 14 DE DECEMBRO DE 2022**

Na sede da Entidade Local Menor de Bembridge, sendo as 12 horas e 1 minuto do mércores día 14 de decembro de 2022, previa convocatoria de sesión extraordinaria e urgente realizada pola Primeira Tenente de Alcaldía-Pedanía (por vacante) mediante Resolución de 13 de decembro deste ano, reúnese a Xunta Veciñal, baixo a Presidencia da mesma 1ª Tenente de Alcaldía, Dª. Patricia Otero Carrera, asistindo os seguintes vocais:

D. José González Domínguez (PSdeG – PSOE)  
Dª Antía González Fernández (PSdeG – PSOE)  
D. Manuel Costas Costas (PSdeG – PSOE)

Asiste á sesión, en calidade de secretaria do pleno, Dª. Patricia Alvarellos Leis.

A presente sesión ten por obxecto a toma de posesión de Dª. Patricia Otero Carrera como Alcaldesa-Pedánea, ao estar vacante o posto pola situación de incompatibilidade de D. Marcos Castro González, do que se deu conta á Xunta Veciñal na sesión extraordinaria e urgente celebrada o 1 de decembro de 2022. Posteriormente, o 12 de decembro, recibíuse da Xunta Electoral Central a credencial a favor da candidata que debe substituír ao Sr. Castro na Alcaldía, de conformidade coas últimas eleccións locais celebradas no ano 2019, e que recae na referida Sra. Otero.

-----  
Ábrese a sesión pola Sra. Primeira Tenente de Alcaldía á hora arriba indicada.

A continuación procédese ó obxecto da sesión o tratamento do seguinte punto da

**ORDE DO DÍA**

**1.- Ratificación da urxencia da convocatoria.**

A Alcaldesa-Pedánea en funcións dá conta da seguinte proposta:

*“Esta Alcaldía considera que concorren, entre outras, as seguintes circunstancias, que fan que sexa moi difícil aprazar por máis tempo a celebración desta sesión da Xunta Veciñal do asunto que se citará:*

*- A urxencia de celebrar esta sesión plenaria ven motivada pola toma de posesión da primeira Tenente de Alcaldía, tras a remisión da credencial pola Xunta Electoral Central o 12 de decembro deste ano.*

*- Necesidade de acometer con moita brevidade varios trámites de expedientes que non se poden demorar ata o exercicio seguinte, como é o caso da aprobación das bases da*



## Entidade Local Menor de Bembridge

convocatoria do proceso selectivo de estabilización de emprego temporal incluído na oferta de emprego público do ano 2022 da ELM de Bembridge, xa que o prazo para a súa publicación finaliza o 31 de decembro de 2022 nos termos establecidos no artigo 1.2., parágrafo segundo, da Lei 20/2021.

Por outra banda, tamén resulta urxente a realización de pagos derivados de expedientes de subvencións, responsabilidade patrimonial ou contratos, entre outros.

A estes efectos, lémbrese a necesidade de tramitar e pagar as facturas dentro do prazo legal establecido na vixente Lei de Contratos, xa que, entre outros motivos, a demora nos pagos supón a obriga de satisfacer xuros de mora consonte ao disposto na Lei 3/2004, de 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade.

En consecuencia, e polos motivos expresados, acordei convocar unha Sesión extraordinaria e urxente para o día 14 de decembro de 2022 ás 12.00 h. co orde do día seguinte:

- 1.- Ratificación da urxencia da convocatoria.
- 2.- Toma de posesión de D<sup>a</sup> Patricia Otero Carrera como Alcaldesa Pedánea.

Polo tanto, de conformidade co previsto no art 46. 2 b) da Lei 7/1985, reguladora das bases de réxime local, propoño á Xunta Veciñal a adopción do seguinte acordo:  
**“Ratificar o carácter de urxente da convocatoria realizada.”**

ACORDO. Por unanimidade dos presentes, a Xunta Veciñal acorda APROBAR nos seus propios términos a proposta de acordo transcrita, ratificando a urxencia.

### **2.- Toma de posesión de D<sup>a</sup> Patricia Otero Carrera como Alcaldesa Pedánea.**

Polo Sra. Secretaria infórmase do obxecto da sesión, de conformidade ao exposto anteriormente. Se comproba que o número de membros electos asistentes á sesión é de catro, e que existe polo tanto “quórum” suficiente para realizar a presente sesión.

A referida funcionaria, como fedataria pública, certifica que se recibiu da Xunta Electoral Central a credencial a favor de Dona Patricia Otero Carrera como Alcaldesa Pedánea (consta no expediente da sesión), e toda vez que, xa no seu día, presentou na Secretaría desta Entidade Local a declaración de bens patrimoniais, declaración de causas de posible incompatibilidade, así como a liquidación do imposto sobre a renda, non hai, pois, obstáculo legal para a súa toma de posesión.

A continuación, a Sra. Otero Carrera procede ao xuramento ou promesa do cargo de Alcaldesa Pedánea da Entidade Local Menor de Bembridge de acordo coa fórmula legalmente establecida no R.D. 707/1979 de 5 de abril, ante o exemplar da Constitución. A interesada procede a prestar promesa, e inmediatamente toma posesión do cargo.



## *Entidade Local Menor de Bembrive*

Intervén a xa Alcaldesa Pedánea para anunciar a súa intención de traballar para a parroquia, continuando así co seu empeño e co de toda a Corporación, velando polos intereses xerais da veciñanza e de apoiar as asociacións, e agradece aos seus compañeiros de goberno e a súa familia.

*“Bos días a todos e a todas,*

*En primeiro lugar, moitas grazas pola súa asistencia.*

*Todos nos sabemos os motivos polos cales atopámonos hoxe aquí, por iso antes de començar quero adicarlle as miñas primeiras palabras de agarimo a Marcos Castro, por todo este tempo adicado e compartido nesta andaina.*

*Formar parte dunha Xunta Veciñal non che fai gozar de moitos privilexios nin de grandes aportación económicas, se non todo o contrario, isto implica grandes sacrificios para poder compaxinar a nosa vida política coa laboral e tamén coa familiar, que sen a comprensión dos nosos sería imposible.*

*Son consciente que a tarefa de alcaldesa non é sinxela, esta supón un maior compromiso se cabe, pero como levo facendo ata agora como vocal desta Entidade, creo firmemente que a min e ao resto desta Corporación sóbranos ilusión, determinación, compromiso e coraxe para facer fronte ao que nos queda de mandato.*

*Esta Xunta seguirá na mesma liña de axudar a todos os veciños e de apoiar ao máximo as asociacións da parroquia, que consideramos ser o motor principal de Bembrive.*

*Seguiremos traballando polo noso con dedicación e empeño, e sobre todo con total transparencia.*

*As portas desta Entidade están abertas para todos e todas vós.*

*Moitas Grazas”.*

Posteriormente, a Alcaldesa declara concluída a sesión.

Non sendo outros os asuntos a tratar, a Alcaldesa-Pedánea levanta a sesión sendo as doce horas e sete minutos do día indicado de todo o cal, como secretaria, dou fe.

Vº e pr. da Alcaldesa Pedánea,

A secretaria-interventora,

Asdo.: Patricia Otero Carrera

Asdo.: Patricia Alvarellos Leis